

sión composta por sete catedráticos ou catedráticas de universidade pertencentes a diversos ámbitos do coñecemento, designados na forma que establezan os estatutos, con ampla experiencia docente e investigadora.

A comisión de reclamacións oirá os membros da comisión contra cuxa proposta se presentase a reclamación, e os candidatos que participasen nelas.

Esta comisión examinará o expediente relativo ao concurso para velar polas garantías establecidas e ratificará ou non a proposta reclamada no prazo máximo de tres meses, tras o que o reitor ditará a resolución de acordo coa proposta da comisión. O transcurso do prazo establecido sen resolver entenderase como rexeitamento da reclamación presentada.

2. As resolucións do reitor a que se refire o punto anterior deste artigo esgotan a vía administrativa e serán impugnables directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 11. *Reingresso de excedentes ao servizo activo.*

1. O reingresso ao servizo activo dos funcionarios e funcionarias de corpos docentes universitarios en situación de excedencia voluntaria efectuarase mediante a obtención dunha praza nos concursos de acceso aos corpos docentes universitarios que calquera universidade convoque, de acordo co establecido no artigo 62 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, na súa nova redacción dada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a anterior.

2. O reingresso poderase efectuar, así mesmo, na universidade a que pertencese o centro universitario de procedencia con anterioridade á excedencia, solicitando do reitor a adscrición provisional a unha praza desta, coa obriga de participar en cantos concursos de acceso convoque a dita universidade para cubrir prazas no seu corpo e área de coñecemento, perdendo a adscrición provisional en caso de non o facer. A adscrición provisional farase na forma e cos efectos que, respectando os principios recoñecidos pola lexislación xeral de funcionarios no caso do reingresso ao servizo activo, determinen os estatutos. Non obstante, o reingresso será automático e definitivo, por solicitude do interesado dirixida á universidade de orixe, sempre que transcorresen, polo menos, dous anos en situación de excedencia, e que non excedesen cinco, e se existe praza vacante do mesmo corpo e área de coñecemento.

Disposición transitoria primeira. *Das probas de habilitación e dos concursos de acceso entre habilitados.*

Ata un ano despois da resolución das últimas probas de habilitación convocadas conforme o disposto no Real decreto 774/2002, do 26 de xullo, as universidades poderán decidir a convocatoria de prazas para os corpos de catedráticos de universidade e de profesores titulares de universidade mediante concurso de acceso entre habilitados comunicándollo ao Consello de Universidades, todo iso segundo o disposto no artigo 62 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e na súa normativa de desenvolvemento, que, para estes efectos, se considerará vixente, e como se establece na disposición transitoria primeira da Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril.

Así mesmo, ás probas de habilitación xa convocadas e pendentés de resolución seralles de aplicación a regulación anterior á entrada en vigor da Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, de universidades.

Disposición transitoria segunda. *Dos concursos regulados na disposición adicional segunda da Lei orgánica 4/2007.*

Os concursos a que se refire o número cuarto da disposición adicional segunda da Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril rexeranse polo disposto no Real decreto 774/2002, do 26 de xullo, polo que se regula o sistema de habilitación nacional para o acceso a corpos de funcionarios docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso respectivos.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 774/2002, do 26 de xullo, polo que se regula o sistema de habilitación nacional para o acceso a corpos de funcionarios docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso respectivos, sen prexuízo do disposto nas disposicións transitorias deste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.18.^a e 30.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Dado en Madrid o 5 de outubro de 2007

JUAN CARLOS R.

A ministra de Educación e Ciencia,
MERCEDES CABRERA CALVO-SOTELO

17583 *ORDE ECI/2908/2007, do 2 de outubro, pola que se regulan as características e a organización do nivel básico das ensinanzas de réxime especial de inglés adaptadas á modalidade de educación a distancia e o currículo respectivo.* («BOE» 241, do 8-10-2007.)

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 59.1 que as ensinanzas de idiomas de réxime especial se organizarán nos niveis básico, intermedio e avanzado e que as ensinanzas do nivel básico terán as características e a organización que as administracións educativas determinen. En desenvolvemento do precepto citado, o Real decreto 1629/2006, do 29 de decembro, fixa os aspectos básicos do currículo das ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola lei mencionada e, no seu artigo 2, fixa as exigencias mínimas do nivel básico para efectos de certificación, establece os efectos dos certificados acreditativos da superación dese nivel e determina os requisitos mínimos da documentación académica necesaria para garantir a mobilidade do alumnado respectivo.

O artigo 60.3 da citada lei establece que as administracións educativas poderán integrar nas escolas oficiais de idiomas as ensinanzas de idiomas a distancia, e o artigo 69.3 sinala que corresponde ás administracións educativas organizar unha oferta pública de educación a distancia co fin de dar resposta adecuada á formación permanente das persoas adultas.

Polo Real decreto 1180/1992, do 2 de outubro, creouse o Centro para a Innovación e Desenvolvemento da Educación a Distancia, unha de cuxas funcións é o desenvolvemento dos estudos e propostas técnicas necesarias para

a elaboración das medidas de ordenación académica e a adecuación dos currículos que posibiliten a impartición das ensinanzas na modalidade de distancia, adaptándoas ás condicións e necesidades da poboación adulta.

Por todo isto procede, para a implantación das ensinanzas de idiomas correspondentes ao nivel básico, establecer o currículo adaptado do dito nivel das ensinanzas de inglés, na modalidade de educación a distancia, ben como os criterios de avaliación e certificación correspondentes.

En consecuencia, despois do informe do Consello Escolar do Estado, dispoño:

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

Esta orde será de aplicación ás ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, correspondentes ao nivel básico de inglés na modalidade de educación a distancia, que se impartan no ámbito territorial de xestión que corresponde ao Ministerio de Educación e Ciencia, sen prexuízo da súa adopción polas comunidades autónomas que así o decidan.

Artigo 2. *Acceso.*

Para acceder ás ensinanzas de idiomas a distancia será requisito imprescindible ter dezaseis anos cumpridos no ano en que se comecen os estudos.

Artigo 3. *Elementos do currículo.*

Os obxectivos, contidos e criterios de avaliación que conforman o currículo teñen como referencia as competencias propias do nivel A2 do Consello de Europa segundo se define este nivel no Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas, adaptados á modalidade de educación a distancia nos termos que figuran no anexo a esta orde.

Artigo 4. *Organización e duración dos cursos.*

1. As ensinanzas do nivel básico reguladas por esta orde organizaranse en dous cursos que se articularán en dous módulos cada un, de igual duración e características.

2. A duración en horas lectivas será igual para cada un dos dous cursos do nivel e equivalente a 240 horas presenciais.

3. O nivel básico das ensinanzas de idiomas de réxime especial impartirase na modalidade de educación a distancia a través dos centros públicos autorizados para tal efecto e baixo as directrices, coordinación e asesoramento do Centro para a Innovación e Desenvolvemento da Educación a Distancia que, de acordo co artigo 1, e) do Real decreto 1180/1992, do 2 de outubro, se encargará da elaboración, seguimento e avaliación dos medios e materiais didácticos que se deberán utilizar para a atención educativa do alumnado.

4. O alumnado do nivel básico de idiomas a distancia terá a consideración de alumnado oficial da escola oficial de idiomas en que estea matriculado. Os centros públicos de educación secundaria autorizados para impartir estas ensinanzas terán a consideración de centros de apoio titorial adscritos á escola oficial de idiomas que por criterios de proximidade xeográfica lles corresponda e, por tanto, os seus alumnos estarán matriculados e recibirán as certificacións oficiais nesa escola.

5. Os alumnos poderanse incorporar desde o réxime de ensinanzas de idiomas de réxime especial a distancia a calquera outro réxime destas ensinanzas nos termos que determinen as administracións educativas. Así mesmo, os alumnos poderán, desde calquera outro réxime, incorporarse ás ensinanzas de idiomas de réxime especial a

distancia sen necesidade de matriculárense de novo naquelas ensinanzas xa cursadas cuxas competencias acredite.

Artigo 5. *Metodoloxía e recursos didácticos.*

1. A metodoloxía basearase nas orientacións dadas nas disposicións legais vixentes, adaptándose ás circunstancias específicas da educación de persoas adultas a distancia. Para tal efecto favorecerase a incorporación das tecnoloxías da información e da comunicación e o uso integrado de diferentes elementos e medios para reforzar os recursos didácticos.

2. Os medios didácticos deberán permitir aos alumnos a adquisición das capacidades propostas como obxectivos formativos e cumpriran co requisito de seren autosuficientes para que os alumnos poidan desenvolver e controlar o seu proceso de aprendizaxe de forma autónoma.

3. Ao Centro para a Innovación e Desenvolvemento da Educación a Distancia correspóndelle a elaboración, seguimento e avaliación dos medios didácticos apropiados para o réxime de ensino do idioma inglés regulado esta orde.

Artigo 6. *Apoio titorial.*

1. O apoio titorial realizarase de maneira colectiva cando sexa presencial, e de forma tanto colectiva como individualizada cando sexa telemático.

2. A asistencia ás titorías terá carácter voluntario.

3. A través da titoría o profesor-titor fará un seguimento individualizado do proceso de aprendizaxe do alumno, orientarao e resolveralle cantas dúbidas lle xurdan.

4. Ao principio de cada módulo haberá unha titoría presencial colectiva de programación; a mediados do módulo, unha de seguimento e, ao final del, unha de preparación da avaliación. As restantes sesións presenciais estarán orientadas ao desenvolvemento das destrezas comunicativas, dando prioridade á expresión e interacción oral.

5. O número máximo de alumnos acollidos a un grupo de titoría colectiva será de cincuenta.

6. Aqueles alumnos que non poidan asistir ás titorías presenciais deberán informar o centro, ao comezo do curso, do tipo de titoría individual, por vía telemática ou telefónica, entre outros, que se axuste máis ás súas necesidades.

Artigo 7. *Valoración inicial.*

1. O profesorado das escolas oficiais de idiomas, asesorado polo Centro para a Innovación e Desenvolvemento da Educación a Distancia, realizará unha valoración inicial dos alumnos que desexen incorporarse á modalidade de ensino oficial de idiomas a distancia para avaliar as súas competencias previas na lingua obxecto de estudo e iniciar o proceso de orientación.

2. Mediante o informe derivado da valoración inicial dos alumnos indicaráselles a estes a que módulo poden acceder. Este informe non xerará en ningún caso efecto ou dereito académico ningún.

Artigo 8. *Promoción e permanencia.*

1. A avaliación do progreso dos alumnos realizarase mediante probas incluídas en cada módulo, ademais dunha proba presencial ao final deles, no centro a que fose adscrito o alumno. Para o deseño, administración e avaliación das citadas probas, o profesorado contará co asesoramento do Centro para a Innovación e Desenvolvemento da Educación a Distancia.

2. O alumno que fose avaliado positivamente nun módulo non terá que volvelo cursar, mentres continúe na modalidade de ensino a distancia.

3. O alumno terá dereito a permanecer matriculado no mesmo curso sen suxeición a límite ningún de permanencia, e a poderse acoller, como mínimo, a unha convocatoria cada ano para superar o curso.

4. Os alumnos que, desde o réxime de ensino a distancia, se incorporen ao réxime presencial, deberán cursar o primeiro ou segundo curso na súa totalidade, se tiveren pendente de superación algún dos módulos dese curso. En todo caso, para esta incorporación, os alumnos non poderán ter esgotado previamente o máximo de dous anos de permanencia nese curso no réxime presencial.

Artigo 9. *Certificación.*

1. O certificado do nivel básico, que acredita a adquisición do dito nivel de competencia no idioma correspondente, será expedido polo Ministerio de Educación e Ciencia, por proposta das escolas oficiais de idiomas.

2. Para poder obter o certificado de nivel básico, o alumno deberá superar unha proba específica de certificación, que será común a todas as escolas oficiais de idiomas do ámbito de aplicación desta orde.

3. A proba a que se refire o punto anterior elaborárase, administrárase e avaliarase segundo uns estándares establecidos –código ético, código de prácticas, especificacións de exame, procedementos de validación de proba, controis de calidade e calquera outro que se ache necesario-, de modo que se garanta a súa validez, fiabilidade, viabilidade, equidade e impacto positivo, ben como o dereito do alumnado a ser avaliado con obxectividade e con plena efectividade.

4. As escolas oficiais de idiomas farán pública toda a información sobre as probas que concirna ao alumnado que as vaia realizar.

Disposición adicional única. *Equivalencia de estudos.*

O réxime de equivalencias entre as ensinanzas reguladas pola Orde do 2 de novembro de 1993, pola que se establece o currículo do ciclo elemental do primeiro nivel das ensinanzas especializadas de idiomas adaptado á educación a distancia e as ensinanzas a que se refire esta orde é o que se especifica no seguinte cadro:

Ensinanzas reguladas pola Orde do 2 de novembro de 1993	Ensinanzas reguladas por esta orde
Ciclo elemental	Nivel básico
1.º Curso	Básico 1.
2.º Curso	Básico 2 e certificado de nivel básico.

Disposición transitoria única. *Implantación.*

A implantación do nivel básico das ensinanzas de inglés na modalidade a distancia establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e a extinción simultánea das ensinanzas dos cursos primeiro e segundo do ciclo elemental reguladas por Orde do 2 de novembro de 1993, pola que se establece o currículo do ciclo elemental do primeiro nivel das ensinanzas especializadas de idiomas adaptado á educación a distancia, efectuarase no ano académico 2008-2009.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas as normas de igual ou inferior rango que se opoñan ao establecido nesta orde.

Disposición derradeira primeira. *Aplicación da orde.*

Corresponde á Secretaría Xeral de Educación ditar cantas instrucións sexan precisas para a aplicación do establecido nesta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 2 de outubro de 2007.–A ministra de Educación e Ciencia, Mercedes Cabrera Calvo-Sotelo.

ANEXO

1. Definición do nivel básico

O nivel básico presentará as características do nivel de competencia A2 do Consello de Europa, segundo se define este nivel no Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas. Este nivel supón utilizar o idioma de maneira suficiente, receptiva e produtivamente, tanto en forma falada como escrita, ben como para mediar entre falantes de distintas linguas, en situacións cotiás e de inmediata necesidade que requiran comprender e producir textos breves, en diversos rexistros e en lingua estándar, que versen sobre aspectos básicos concretos de temas xerais e que conteñan expresións, estruturas e léxico de uso frecuente.

2. Obxectivos xerais por destrezas

Comprensión oral: comprender o sentido xeral, a información esencial e os puntos principais de textos orais breves, ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos (teléfono, TV, megafonía ou outros) e articulados a unha velocidade lenta, nun rexistro formal ou neutro e sempre que as condicións acústicas sexan boas e a mensaxe non estea distorcida.

Expresión e interacción oral: producir textos orais breves, tanto en comunicación cara a cara como por teléfono ou outros medios técnicos, nun rexistro neutro, e comunicarse de forma comprensible, aínda que resulten evidentes o acento estranxeiro, as pausas e os titubeos e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación dos interlocutores para manter a comunicación.

Comprensión de lectura: comprender o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e detalles relevantes en textos breves de estrutura sinxela e clara, nun rexistro formal ou neutro, e que se poidan encontrar en situacións cotiás.

Expresión e interacción escrita: escribir textos breves e de estrutura sinxela, nun rexistro neutro, utilizando adecuadamente os recursos de cohesión e as convencións ortográficas e de puntuación máis elementais.

3. Contidos competenciais

Os contidos corresponden ás competencias de diversos tipos que o alumno terá que desenvolver para alcanzar os obxectivos indicados no número anterior. Estes contidos preséntanse organizados en diferentes números pero, para efectos do ensino e a aprendizaxe, integranse nun todo significativo mediante as actividades que se propoñan para levar a cabo as tarefas programadas.

1. Competencias xerais

1.1 Competencias socioculturais: o alumnado deberá adquirir un coñecemento da sociedade e a cultura das comunidades en que se fala o idioma obxecto de estudo, xa que unha falta de competencia neste sentido pode distorcer a comunicación. Neste nivel, o alumno desenvolveuse nas relacións sociais con sinxeleza pero con eficacia,

utilizando as expresións máis sinxelas e habituais e seguindo fórmulas básicas. Teranse en conta as áreas seguintes:

1.1.1 Vida cotiá: festividades; horarios; prácticas de traballo; actividades de lecer.

1.1.2 Condicións de vida: niveis de vida; vivenda; traballo; asistencia social.

1.1.3 Relacións persoais: estrutura social e relacións entre os seus membros (entre sexos; familiares; xeracións; en situacións de traballo; coa autoridade e a Administración; de comunidade; entre grupos políticos e relixiosos).

1.1.4 Valores, crenzas e actitudes: clases sociais; grupos profesionais; culturas rexionais; institucións; historia e tradicións; política; artes; relixión; humor.

1.1.5 Kinésica, proxémica e aspectos paralingüísticos: xestos; posturas; expresións faciais; contacto visual; contacto corporal; sons extralingüísticos e calidades prosódicas (calidade de voz, ton, acentuación, volume).

1.1.6 Convencións sociais: modos, usos, convencións e tabús relativos ao comportamento.

1.1.7 Comportamento ritual: comportamentos públicos; celebracións; cerimoniais e prácticas sociais e relixiosas.

1.2 Competencias nocionais: a seguinte lista de contidos nocionais inclúe os conceptos básicos e as subcategorías máis xerais. Os correspondentes expoñentes lingüísticos terán que se determinar en función dos obxectivos do nivel:

1.2.1 Entidade: expresión das entidades (persoas, obxectos e outros seres e entes concretos e abstractos) e referencia a elas.

1.2.2 Propiedades: existencia; cantidade; calidade e valoración.

1.2.3 Relacións: espazo (localización absoluta e relativa no espazo); tempo (situación absoluta e relativa no tempo); estados, procesos e actividades (aspecto, modalidade, participantes e as súas relacións); relacións lóxicas (entre estados, procesos e actividades): conxunción; disxunción; oposición; comparación; condición; causa; finalidade; resultado; relacións temporais (anterioridade, simultaneidade, posterioridade).

2. Competencias comunicativas

2.1 Competencia sociolingüística: esta competencia comprende os coñecementos e destrezas necesarios para abordar a dimensión social do uso do idioma e inclúe marcadores lingüísticos de relacións sociais, normas de cortesía, modismos e expresións de sabedoría popular, rexistros, dialectos e acentos.

Neste nivel, espérase que o alumno desenvolva esta competencia de maneira que comprenda e respecte os patróns sociolingüísticos básicos que regulan a comunicación na lingua alba e que actúe en consecuencia coa suficiente adecuación, nun rexistro neutro.

2.2 Competencias pragmáticas:

2.2.1 Competencia discursiva: no nivel básico, espérase que o alumno sexa capaz de producir e comprender textos moi simples de diversos tipos, formatos e temas, en variedades estándar da lingua e nun rexistro neutro utilizando para isto un repertorio reducido de elementos lingüísticos sinxelos organizados nunha secuencia cohesiónada linear.

Na determinación das competencias específicas de construción textual que o alumno debe adquirir para producir e comprender estes textos, desenvolveranse os aspectos seguintes:

2.2.1.1 Coherencia textual: adecuación do texto oral/escrito ao contexto comunicativo:

2.2.1.1.1 Tipo e formato de texto.

2.2.1.1.2 Variedade de lingua.

2.2.1.1.3 Rexistro.

2.2.1.1.4. Tema. Enfoque e contido: selección de contido relevante; selección léxica; selección de estruturas sintácticas.

2.2.1.1.5 Contexto espacio-temporal: referencia espacial e referencia temporal.

2.2.1.2 Cohesión textual: organización interna do texto oral/escrito. Inicio, desenvolvemento e conclusión da unidade textual:

2.2.1.2.1 Inicio do discurso: mecanismos iniciadores; introdución do tema; tematización.

2.2.1.2.2 Desenvolvemento do discurso:

2.2.1.2.2.1. Desenvolvemento temático:

2.2.1.2.2.1.1 Mantemento do tema: correferencia; elipse; repetición; reformulación.

2.2.1.2.2.1.2 Expansión temática: exemplificación; reforzo; énfase; contraste; introdución de subtemas.

2.2.1.2.2.2 Cambio temático: digresión; recuperación do tema.

2.2.1.2.3 Conclusión do discurso: resumo/recapitulación, indicación de feche textual e feche textual.

2.2.2 Competencia funcional: no nivel básico, o alumno desenvolverá esta competencia de maneira que poida levar a cabo as seguintes funcións comunicativas ou actos de fala utilizando os expoñentes máis sinxelos e habituais desas funcións nun rexistro neutro:

2.2.2.1 Funcións ou actos de fala asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento, a opinión, a crenza e a conxectura: afirmar; anunciar; asentir; clasificar; describir; expresar acordo e desacordo; expresar descoñecemento/dúbida; expresar unha opinión; formular hipóteses; identificar/se; informar; presentar/se; rectificar.

2.2.2.2 Funcións ou actos de fala compromisivos, relacionados coa expresión de ofrecemento, intención, vontade e decisión: expresar a intención ou a vontade de facer algo; convidar; ofrecer algo/axuda; ofrecerse a facer algo.

2.2.2.3 Funcións ou actos de fala directivos, que teñen como finalidade que o destinatario faga ou non faga algo, tanto se isto é, pola súa vez un acto verbal, como unha acción doutra índole: aconsellar; alertar; dar instrucións ou permiso; denegar; pedir algo/axuda/confirmación/información/instrucións/opinión/permiso/que alguén faga algo; permitir; prohibir; propor; ordenar; lembrar algo a alguén; solicitar.

2.2.2.4 Funcións ou actos de fala fáticos e solidarios, que se realizan para establecer ou manter o contacto social e expresar actitudes con respecto aos demais: aceptar/declinar un convite; agradecer; atraer a atención; dar a benvinda; despedirse; expresar aprobación; dar os parabéns; interesarse por alguén/algo; lamentar; pedir desculpas; recusar; saudar.

2.2.2.5 Funcións ou actos de fala expresivos, que expresan actitudes e sentimentos ante determinadas situacións: expresar alegría/felicidade; aprecio/simpatía; decepción; desinterese/interese; esperanza; preferencia; satisfacción; tristeza.

2.3 Competencia gramatical: nun nivel básico, o alumno comprenderá e utilizará estruturas sinxelas adecuadamente e, aínda que siga cometendo erros básicos sistematicamente (en tempos verbais, concordancia ou outros) na súa produción oral ou escrita, polo xeral quedará claro o que tenta dicir.

As competencias gramaticais que se deben desenvolver para este nivel son as seguintes:

- 2.3.1. Oración composta:
 - 2.3.1.1 Conxunción: *and*.
 - 2.3.1.2 Disxunción: *or*.
 - 2.3.1.3 Oposición: *but*.
 - 2.3.1.4 Concesión: *although* (subordinada+principal).
 - 2.3.1.5 Comparación: *than; (not) as .. as*.
 - 2.3.1.6 Condición: *if* (subordinada+principal).
 - 2.3.1.7 Causa: *because* (principal+subordinada).
 - 2.3.1.8 Finalidade: *to* (principal+subordinada).
 - 2.3.1.9 Resultado: *so that* (principal+subordinada).
 - 2.3.1.10 Relacións temporais:
 - 2.3.1.10.1 Anterioridade: *before*.
 - 2.3.1.10.2 Posterioridade: *after, when*.
 - 2.3.1.10.3 Simultaneidade: *when; while*.
- 2.3.2 Oración simple:
 - 2.3.2.1 Tipos de oración, elementos constituíntes e a súa posición:
 - 2.3.2.1.1 Oración declarativa:
 - 2.3.2.1.1.1 Sux (+CC) + V (+OD/OI/OD+OI/OI+OD) (+CC).
 - 2.3.2.1.1.2 Sux + VAux (+Neg) (+V).
 - 2.3.2.1.1.3 Sux + V + Atrib.
 - 2.3.2.1.2 Oración interrogativa:
 - 2.3.2.1.2.1 Total: VAux + Sux + V.
 - 2.3.2.1.2.2 Parcial: elemento interrogativo + VAux + Sux + V.
 - 2.3.2.1.3 Oración imperativa (afirmativa/negativa):
 - 2.3.2.1.3.1 (*Don't*)+V.
 - 2.3.2.1.3.2 *Let's(+not)+V*.
 - 2.3.2.1.4 Oración exclamativa: *What+SN.../How+SAdx...*
 - 2.3.2.2 Fenómenos de concordancia. Persoa e número: Sux-↔V.
- 2.3.3 Sintagma nominal:
 - 2.3.3.1 Núcleo:
 - 2.3.3.1.1 Substantivo:
 - 2.3.3.1.1.1 Clases: comúns (contables e non contables) e propios.
 - 2.3.3.1.1.2 Xénero: sufixos Ø e <-ess>; distintos lexe-mas.
 - 2.3.3.1.1.3 Número: singular e plural (regulares e irregulares non estranxeiros).
 - 2.3.3.1.1.4 Caso: xenitivo 's e s'.
 - 2.3.3.1.2 Pronomes:
 - 2.3.3.1.2.1 Persoais en función de suxeito e de obxecto/complemento.
 - 2.3.3.1.2.2 Posesivos.
 - 2.3.3.1.2.3 Demostrativos.
 - 2.3.3.1.2.4 Indefinidos.
 - 2.3.3.1.2.5 Interrogativos.
 - 2.3.3.2. Modificación do núcleo:
 - 2.3.3.2.1 Determinantes:
 - 2.3.3.2.1.1 Artigos: determinado e indeterminado.
 - 2.3.3.2.1.2 Demostrativos.
 - 2.3.3.2.1.3 Interrogativos.
 - 2.3.3.2.1.4 Posesivos.
 - 2.3.3.2.1.5 Cuantificadores:
 - 2.3.3.2.1.5.1 Numerais: cardinais e ordinais.

- 2.3.3.2.1.5.2 Outros cuantificadores: p.e. *some; any; much; many; a lot (of); (a) little*.
- 2.3.3.2.2 Aposición.
- 2.3.3.2.3 Modificación mediante SN / SAdx / SPrep.
- 2.3.3.2.4 Modificación mediante frase de relativo.
- 2.3.3.3 Posición dos elementos: (Det/Xenitivo+). (SAdx+) N (+SPrep) / (+frase de relativo).
- 2.3.3.4 Fenómenos de concordancia:
 - 2.3.3.4.1 Número: demostrativo ↔ substantivo.
 - 2.3.3.4.2 Xénero e número: posesivo ↔ substantivo.
- 2.3.3.5 Funcións sintácticas do sintagma: Sux, OD, OI e Atrib.
- 2.3.4 Sintagma adxectivo:
 - 2.3.4.1 Núcleo: adxectivo:
 - 2.3.4.1.1 Grao:
 - 2.3.4.1.1.1 Absoluto.
 - 2.3.4.1.1.2 Comparativo: igualdade; superioridade; inferioridade.
 - 2.3.4.1.1.3 Superlativo.
 - 2.3.4.1.2 Modificación do núcleo mediante Neg, SAdv ou SPrep.
 - 2.3.4.1.3 Posición dos elementos: (Neg+) (SAdv+) N (+SPrep).
 - 2.3.4.1.4 Funcións sintácticas do sintagma: Atrib e Sux.
 - 2.3.5. Sintagma verbal:
 - 2.3.5.1 Núcleo: verbo:
 - 2.3.5.1.1 Tempo:
 - 2.3.5.1.1.1 Expresión do presente: Pres. simple; Pres. continuo; Pres. perfecto.
 - 2.3.5.1.1.2 Expresión do futuro: Pres continuo e *be going to*.
 - 2.3.5.1.1.3 Expresión do pasado: pasado simple; pasado continuo; Pres. perfecto.
 - 2.3.5.1.2 Aspecto:
 - 2.3.5.1.2.1 Contraste durativo/habitual: presente ou pasado continuo/simple; *used to*.
 - 2.3.5.1.2.2 Contraste iterativo/puntual: presente ou pasado continuo/simple; *used to*.
 - 2.3.5.1.2.3 Contraste incoativo/terminativo: (*begin / start + to/-ing*) / (*stop + -ing*).
 - 2.3.5.1.3 Modalidade:
 - 2.3.5.1.3.1 Factualidade: indicativo.
 - 2.3.5.1.3.2 Necesidade: *have; need*.
 - 2.3.5.1.3.3 Obriga: *must; have; should*.
 - 2.3.5.1.3.4 Capacidade: *can / can't*.
 - 2.3.5.1.3.5 Permiso: *can / may*.
 - 2.3.5.1.3.6 Posibilidade: *can / may / might*.
 - 2.3.5.1.3.7 Prohibición: *mustn't / can't / don't*.
 - 2.3.5.1.3.8 Intención: *be going to / want*.
 - 2.3.5.1.4 Voz: Activa / Pasiva.
 - 2.3.5.2 Modificación do núcleo mediante negación de VAux e mediante *do*.
 - 2.3.5.3 Posición dos elementos:
 - 2.3.5.3.1 Oración declarativa: (VAux + [Neg +]) V.
 - 2.3.5.3.2 Oración interrogativa:
 - 2.3.5.3.2.1 Total : VAux (Neg)+ ... +V; VAux (Neg.)
 - 2.3.5.3.2.2 Parcial: elemento interrogativo en función de Sux e con outras funcións sintácticas.
 - 2.3.5.3.2.3 Oración imperativa: (*don't*) + V; *let's (+not) + V*.
 - 2.3.5.3.4 Funcións sintácticas do sintagma: V, Sux, Atrib e OD.

- 2.3.6. Sintagma adverbial:
- 2.3.6.1 Núcleo:
- 2.3.6.1.1 Adverbio:
- 2.3.6.1.1.1 Clases: tempo, lugar, movemento, frecuencia, modo, grao, interrogativos.
- 2.3.6.1.1.2 Grao:
- 2.3.6.1.1.2.1 Absoluto.
- 2.3.6.1.1.2.2 Comparativo: igualdade, superioridade, inferioridade.
- 2.3.6.1.1.2.3 Superlativo.
- 2.3.6.1.2 Locucións adverbiais.
- 2.3.6.2 Modificación do núcleo mediante SAdv.
- 2.3.6.3 Posición dos elementos: (SAdv +) N.
- 2.3.6.4 Funcións sintácticas do sintagma: CC e Sux.
- 2.3.7 Sintagma preposicional:
- 2.3.7.1 Núcleo:
- 2.3.7.1.1 Preposicións: tempo, duración, lugar, movemento, dirección, pertenza.
- 2.3.7.1.2 Locucións preposicionais.
- 2.3.7.2 Posición dos elementos: Prep + termo.
- 2.3.7.3 Funcións sintácticas do sintagma: CC e OI.

2.4 Competencia léxica: o alumno, no nivel básico, dominará un limitado repertorio léxico relativo a necesidades concretas e cotiás. As áreas temáticas para as cales terá que desenvolver repertorios léxicos, tendo en conta as demandas dos obxectivos deste nivel, son as seguintes:

- Identificación persoal.
- Vivenda, casa e contorno.
- Actividades da vida cotiá.
- Tempo libre e lecer.
- Viaxes.
- Relacións humanas e sociais.
- Saúde e coidados físicos.
- Educación.
- Compras e actividades comerciais.
- Alimentación.
- Bens e servizos.
- Lingua e comunicación.
- Clima, condicións atmosféricas e ambiente.
- Ciencia e tecnoloxía.

No tratamento desta competencia, terase presente que non existe un léxico «pasivo» e un léxico «activo» senón repertorios de formas e significados que dependen da actividade comunicativa de que se trate (comprensión, expresión, interacción). Unha persoa que le ou escoita a radio está tan activa lingüísticamente como cando se dirixe a unha audiencia ou toma parte nunha conversa. Neste sentido, o grao de competencia léxica propio do nivel débese adquirir en relación co seu carácter específico nos textos produto das actividades lingüísticas correspondentes nas diversas situacións de comunicación.

Terase en conta, así mesmo, a conveniencia de tratar o léxico considerando formas plurilexemáticas e unidas superiores á palabra illada de maneira que se provexa o alumno dun contexto máis amplo de uso que facilite o desenvolvemento adecuado da competencia léxica.

2.5 Competencia fonético-fonolóxica: esta competencia supón, no nivel básico, o coñecemento e as destrezas na percepción e produción dos seguintes aspectos:

- 2.5.1 Sons e fonemas vocálicos:
- 2.5.1.1 Contraste de calidade e cantidade.
- 2.5.1.2 Vogais centrais.

- 2.5.1.3 Ditongos; ditongos + *schwa*.
- 2.5.2 Sons e fonemas consonánticos:
- 2.5.2.1 Contraste xordas / sonoras. Aspiración.
- 2.5.2.2 Secuencias iniciais e finais.
- 2.5.2.3 /h/
- 2.5.3 Procesos fonolóxicos:
- 2.5.3.1 Alternancias morfofonolóxicas.
- 2.5.3.1.1 Asimilación e epéntese nos sufixos <-(e)s> e <-ed>.
- 2.5.3.1.2 Sonorización en plural.
- 2.5.3.2 Enlace:
- 2.5.3.2.1 /r/ de enlace en acentos non róticos.
- 2.5.3.2.2 /j, w/ en fronteira de sílaba.
- 2.5.3.3 Formas fortes e débiles. Redución en sílabas átonas.
- 2.5.4 Acento dos elementos léxicos illados. Variantes acentuais libres.
- 2.5.5 Acento e atonicidade: patróns tonais no sintagma. Variantes acentuais posicionais.

2.6 Competencia ortográfica: no nivel básico, o alumno será capaz de comprender en textos escritos as convencións ortográficas que se relacionan a seguir e de utilizalas para escribir textos moi breves con razoable corrección, aínda que non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada.

As competencias ortográficas que se deben desenvolver para este nivel son as seguintes:

- 2.6.1 Representación gráfica de fonemas e sons.
- 2.6.1.1 Correspondencias máis frecuentes entre grafías e fonemas. Correspondencias inusuais en palabras de uso frecuente.
- 2.6.1.2 Vogais mudas e o seu posible valor fonolóxico. Consonantes mudas.
- 2.6.1.3 Cambios ortográficos ante inflexións.
- 2.6.1.3.1 Reduplicación consonántica.
- 2.6.1.3.2 Tratamento de <-y>, <-o> e <-e> mudo.
- 2.6.2 Uso de maiúsculas en nomes propios e adxectivos derivados.
- 2.6.3 Uso de signos ortográficos: punto, dous puntos, coma, interrogación, exclamación, apóstrofo e guiñón.

4. Criterios de avaliación

Considerarase que o alumno adquiriu as competencias propias do nivel básico cando sexa capaz do seguinte:

Comprensión oral: Comprender os puntos principais e os detalles relevantes en mensaxes e anuncios públicos que conteñan instrucións, indicacións ou outra información.

Comprender o que se lle di en transaccións e xestións sinxelas, sempre que poida pedir confirmación; por exemplo, nun banco.

Comprender a información esencial e os puntos principais do que se lle di nas conversas en que participa, sempre que poida pedir confirmación.

Comprender o sentido xeral e información específica de conversas que teñen lugar na súa presenza e identificar un cambio de tema.

Comprender o sentido xeral e información esencial de programas de televisión tales como boletíns meteorolóxicos ou informativos, cando os comentarios contén co apoio da imaxe.

Expresión e interacción oral: facer, ante unha audiencia, anuncios públicos e presentacións breves e ensaiadas sobre temas habituais, respondendo a preguntas breves e sinxelas dos oíntes.

Desenvolverse en transaccións e xestións cotiás; por exemplo, en bancos ou restaurantes.

Participar nunha entrevista –por exemplo, de traballo– podendo dar información, reaccionar ante comentarios ou expresar ideas sobre temas habituais.

Participar en conversacións en que se establece contacto social, se intercambia información e se fan ofrecementos ou suxestións ou se dan instrucións.

Comprensión de lectura: comprender instrucións, indicacións e información básica en letreiros e carteis en rúas, tendas, restaurantes, medios de transporte e outros servizos e lugares públicos.

Comprender, en notas persoais e anuncios públicos, mensaxes breves que conteñan información, instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá.

Comprender correspondencia persoal breve e sinxela.

Comprender correspondencia formal breve sobre cuestións prácticas tales como a confirmación dun pedido ou a concesión dunha bolsa.

Comprender información esencial e localizar información específica en folletos ilustrados e outro material informativo como prospectos, menús, listas e horarios.

Identificar información relevante en textos xornalísticos breves e sinxelos, tales como resumos de noticias que describan feitos ou acontecementos.

Expresión e interacción escrita: escribir notas e anuncios e tomar mensaxes sinxelas con información, instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá.

Escribir correspondencia persoal simple en que se dan as grazas, se piden desculpas ou se fala de un mesmo ou do seu contorno (familia, condicións de vida, traballo, amigos, diversións).

Escribir correspondencia formal sinxela e breve en que se solicite un servizo ou se pida información.

5. Métodos pedagóxicos

Se se concibe o idioma como un vehículo de comunicación en distintas situacións en que o dito medio se utiliza de forma significativa e adecuada ao contexto para levar a cabo unha serie de tarefas, terase que aplicar unha metodoloxía que proporcione ao alumnado as competencias e destrezas necesarias para realizar esas tarefas con eficacia. Isto quere dicir que as distintas competencias consignadas no presente currículo se presentarán ao alumno de maneira integrada dentro de tarefas comunicativas de comprensión, expresión e interacción, ou distintas combinacións delas, dependendo dos obxectivos establecidos para o nivel.

A aprendizaxe basearase en tarefas deseñadas a partir dos obxectivos específicos, na realización das cales o alumnado deberá aprender a utilizar estratexias de planificación, execución, control e reparación, procedementos discursivos e outras competencias lingüísticas que lle permitan comprender e producir textos axustados ás situacións de comunicación.

Por outro lado, a competencia de aprender a aprender, encamiñada a potenciar no alumno a súa capacidade de autoaprendizaxe, ten unha importancia definitiva na modalidade de educación a distancia, que lle exige ser protagonista dun proceso do cal se debe responsabilizar. Neste sentido, o profesor-titor deberá guiar o alumno e axudalo a desenvolver estratexias de aprendizaxe adecuadas para á súa autoformación.

Dado que as tarefas, e todas as actividades relacionadas con elas, se centran fundamentalmente no alumno e

na súa actuación, o papel do profesor será o de experto, orientador, impulsor e avaliador da actividade, valorando o uso adecuado do idioma por riba do coñecemento do sistema teórico e da mera corrección formal.

Debrase lembrar que os erros do alumno no uso das linguas que aprende son inevitables, polo que non se deben ter en conta salvo cando interfiran na comunicación. Isto non exclúe en absoluto unha análise deses erros co fin de que o alumno reflexione sobre a súa actuación e a mellore.

Para potenciar o uso adecuado do idioma os materiais ofrecidos presentarán unha serie de experiencias de aprendizaxe que estimulen o interese e sensibilidade cara ás culturas en que se fala a lingua inglesa, fomenten a confianza do alumno en si mesmo á hora de comunicarse, aumenten a motivación para aprender e desenvolvan a capacidade para aprender de maneira autónoma. Neste proceso, as novas tecnoloxías da información e a comunicación constitúen un elemento imprescindible pois facilitan o acceso a materiais en diversos formatos, ben como a participación en situacións reais de comunicación síncrona e asíncrona.

De acordo con todo o dito, o ensino do idioma inglés na modalidade a distancia atenderá aos seguintes principios metodolóxicos:

Os obxectivos declarados céntranse no uso efectivo do idioma por parte do alumno; por tanto, as prácticas de ensino e aprendizaxe orientaranse de maneira que a actuación deste ocupe o maior tempo posible.

O papel do profesor-titor será esencialmente o de facilitar a participación do alumno na realización de actividades comunicativas, avaliar a súa actuación, orientalo con respecto a esta e indicarlle como pode desenvolver as súas competencias e as súas propias estratexias de aprendizaxe.

Conforme os obxectivos xerais e específicos establecidos, as actividades de ensino e aprendizaxe centraranse fundamentalmente naquelas a que o alumnado se terá que enfrontar en situacións de comunicación real –isto é, actividades de comprensión, produción e interacción– a través de tarefas que impliquen esas actividades.

Os recursos, métodos e materiais utilizados buscarán provocar situacións que sexan o máis próximas e similares posible a aquelas que o alumnado poida atopar no curso da súa experiencia directa co idioma obxecto de estudo, e seleccionaranse en función da súa idoneidade para alcanzar os obxectivos establecidos.

XEFATURA DO ESTADO

17633 LEI ORGÁNICA 9/2007, do 8 de outubro, de modificación da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral. («BOE» 242, do 9-10-2007.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica:

Preámbulo

A experiencia adquirida nos diversos procesos electorais que tiveron lugar desde a entrada en vigor da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, aconsellan a súa reforma, mesmo puntual. Estas modifi-